

A ROSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZION

Na Cruña ó mes, 40 cts.
Coste d'un núm. 15 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.
América, id. 2 »

Pagos adelantados

Redacción e Administración: PRAZA M.^a PITA, 17, baixo (Irmandade da Fala)

Número 96

A CRUÑA 5 DE AGOSTO DE 1919

CUSTIÓS ECONÓMICO-POLÍTICAS

A hulla negra e a hulla branca

Pra ningún que s'intrese no resurdir da Hespania é un segredo a comprometidísima situación en que ficou a derradeiros de 1914, pois que tanto dende o punto de vista económico coma militar, estivo abocada a posíbre supresión dos tres millóns de toneladas que d'hulla negra recibía do exterior.

Que era o qu'ental caso procedía faguer? A mais pequena prudencia aconsellava unha dilixente e urxentísima acción, dictatorial si mister fose, por parte do Goberno, especialmente en relación as "cuencas" d'hulla e de lignito situadas ao Sur da Cordilleira cantábrica, menos esposta qu'ás localizadas ao Norte, pro... disgraciadamente, os nosos políticos preocupados nas suas endémicas e bizantías lóltas, nin siquera s'entelaban das laparadas en qu'ardían os soldados e-a Facenda de coasto o mundo inteiro.

Hespania—coma sempre—ficaba pol-a incapacidad e pol-a falla de patriotismo dos seus políticos ao marxe dos acontecementos, e solo de cando en vez algún qu'outro discurso pronunciado en ocasión solene, faguan lembrar ós que tñan o deber, o sagro deber d'ollar vigilantes pol-a sua saúde e conservación o descuberto en que ficaban frent'a situación creada polo fogo en qu'estábamos realmente envoltos.

A proba millor da verdá do que decimos e esta.

A "Xunta d'iniciativas, nomeou unha ponencia técnica que pol-o mes de San Xoán de 1915 emiteu ditame n'istes termos: "garantía do 6 por 100 d'intrés anual, a conceder polo Estado a novas instalacións d'hulla; primas a produción complementaria, dende 50 céntimos de peseta por tonelada, até 2 pesetas según a cifra escedente de produción; rebaixa nas tarifas de trasportes e construción dos praneados ferrocarrís secundarios."

CADRO BRANCO

O Sr. Calvo Sotelo, recollendo unha petición do Congreso Agrario de Ponteareas, falou no Palramento de qu'è perciso levar a práctica o decreto de Besada, sobro o reparto dos consumos, para impedir cacicadas. Calvo Sotelo representaba n'aquel momento a 130 asociaciós agrarias e a moitos republicanos e socialistas.

Estaba perfectamente probada na última etapa de 1914 qu'a situación militar-económica era terrivelmente comprometida, procedendo en consecuencia, unha urxentísima medida gubernamental que n'apareceu por parte algunha.

Hespania permanecía en troques d'isto encastelada nas suas chochas e idiotas manobras d'orde escrusivamente político.

Os Garcías, Albas, Figueiróas, Gassets, Bugallales, etc., etc... por un lado, e os Riestras, Romanones, Lemas, Urquijos, Comillas, etcétera, etcétera, polo outro, todos e cada un na horta das suas colleitas e naturaes aficións, non se lembrando mais que das suas facendas, a cencia e pacencia do pobo hespañol, traficaban qu'era un gabar a Dios co'as mercancias das suas particulares e gratas devociós.

Polo qu'atañe ás vías férreas secundarias, no seu desenrolo co programa carbonífero (a de Villablino a Ponferrada é do mais outo intrés n'ise sentido) solicitouse a principios de 1913 unha reforma da vixente lei de garantía, pro á pesar d'ela, hachámonos aínda privados d'isa millora, pois as Cortes (as nosa intrigantes Cortes) foron pechadas sin que s'aprobase tan importante medida.

Esa reforma traquería un consideravel adianto na economía de tod'o noso país mediante ese poderoso ensanche dos seus aproveitamento hulleiros, facilitando istes unha manífica base pro imperativo impulso das fecundas industrias químicas, óxe tan necesarias. E aínda—en lóxica consecuencia—sería maior a expansión do comercio e industria así como da agricultura nacionaes sóbor da base da mobilización das reservas hidráulicas qu'a razón garda.

Por ser moi conocidos nada diremos eiquí dos cálculos sóbor tal materia feitos pol-o insigne Schulz e nos que hal moito que adprender mesmo n'estes tempos.

Limitarémonos a espór algo da lumiosa memoria recentemente publicada por un técnico tan perito na especialidá como don Xoán Urrutia.

Según il afirma, "pode en Hespania disporse de gran cantidá d'enerxía hidroeléutrica e que pra obtér a produción anual, estimada en pouco mais ou menos de catro e medio millóns de H. P. de forza, equivalentes a 10.000 millóns de kilovatios-hora, con elementos térmicos, sería mister un consumo anual de carbón representativo de 20 millóns de toneladas polo menos.

O detallado inventario felto polo señor Urrutia non deixa lugar a dúbidas.

"Los aprovechamientos facilitados—dice—con vertiente al Atlántico y Cantábrico, por

los ríos que atraviesan las provincias gallegas, Asturias, Santander, provincias vascongadas y Navarra; las correspondientes a las zonas que bañan el Ebro y sus afluentes, el Duero y los suyos; la energía que suministran las regiones atravesadas por el Tajo, el Guadiana, el Guadalquivir, el Júcar; todo el engranaje hidráulico, en suma, que atesora el suelo de España, representa una energía hidroeléutrica utilizable que fluctúa alrededor del guarismo expresado. Y como solo se aprovecha hoy poco más de un 8 por 100 de esa cifra, es decir, un equivalente a 1.600.000 toneladas de hulla, quedan otros 18.400.000 toneladas a utilizar."

Fal presente que até óxe os fornos eléctricos de fabricación d'aceiro, a pesar dos favorabres resultados obt'dos, non pasaron d'unha pequena capacidad (6 toneladas) e a sua aplicación limitabase a obtér aceites especiais. Actualmente son Alemania e Nort'América as que donan un impulso tal a electrosiderurgia, que ben pode decirse qu'esta parte da metalurgia do ferro val a constituir o tratamento mais importante da fabricación do aceiro.

N-os Estados Unidos funciona xa un forno eléctrico de 25 toneladas, que nun só día pode convertír 300 toneladas de fundición do outro forno en aceiro de primeira calidá.

En admirabres páxinas o Sr. Urrutia pon de releve o ancho marxe do progreso integral qu'Hespania ten diante, a luz das suas disponibilidades d'hulla e d'enerxía eléctrica.

No traballo "Por la reconstitución económica de España, di: Ao lado do problema fundamental de toda comunidade, a saber, o agro-pecuario forestal, humano co ferrocarril e metalúrgico, existe outro problema igualmente básico dada a estrutura moderna da economía dos pobos—o da forza motriz dispoñible—sexa en forma de combustíbre mineral, sexa en calidá d'enerxía hidráulica. Agora ben, sumades os previstos 15 millóns de toneladas d'hulla e lignito, actualmente esprotabres, aos 20 millóns de toneladas de tod'a equivalencia carbonífera, en forza hidráulica, resulta qu'Hespania, movillizando todo isto, practicamente dispoñiría de 35 millóns de toneladas de carbón utilizaveis por ano.

«Eiquí, na firme crencia do que suscribe,

CADRO Mouro

O Sr. Bugallal, ministro da Facenda, un Sotó Reguera, diputado por distrito galego! e algús elementos das izquierdas que non conecen miga dos nosos problemas, facéndolles o caldo gordo ós caciques e ó laberco Bugallal, puñéronse en contra de Calvo Sotelo, ou o qu'è igoal frente dos agrarios da Terra. ¡Probe Galicia! ¡Como agardes nos redentores alleos!..

temos a gran palanca d'unha Hespafia nova. O completo funcionamento d'ise grande impulsor, aicionando sobor das actividades armónicas do solo e subsolo, as ferrovias e manofaustrelas, triplicaría, probablemente, a actual potencia económica global da nazón.

**

Esa enerxía—que podemos chamar suprema—está fora do abranguemento dos nosos recursos naturais. ¿Non pode ser atloxida? Naturalmente que non, e sollo o *carcamalismo* en qu'a gobernación do noso Estado s'encontra envolta, pode tollir a movillización d'isas forzas qu'a Natureza nos brinda e qu'é preciso aproveitar sinón queremos ser trocados en colonos d'outros países.

Onda están as disponibilidades d'ises ou a sombra da guerra «abarrotaron d'ouro? Gardarannas coma Darío en proveito d'Alexandro?

Por todo os medios é preciso facilitar o indispensable material móvil, e as explotacións d'ullas existentes aumentarán os seus rendimentos, correndo en xusta proporción, igual sorte, o comercio, industria, agricultura, exército, marinha, etc. etc...

Un Estado que non sexa de caricatura téa a obriga de cooperar na fundación de grandes centraes hidroeléctricas, orgainzar vastas explotacións carboníferas, fomentar, é nunha verba, movillizar todo os recursos e totalas enerxías nacionaes.

Que se non quer abordar a solución de tales problemas? que se non quer adprender a lección da guerra que abafou a Europa? Digase d'unha vez e con franqueza, pois é necesario saber s'ista política segulada a curva das suas ascendentes, pretende condenar a vergofiosa morte unha generación máis.

Con estultos e sendos discursos parlamentarios, con zancadillas e intrigas entr'a dexenerada familia política, con unha farsada d'obras chamadas hidráulicas demostrativas d'enorme incapacidade, escándalo e ruína pro Erario público, etc., etc., foise matando o tempo, e de nantes coma agora, os que sentindo a honra da Patria e os seus verdadeiros intereses, eran e son tildados de preparatistas!

Na memoria de todos está a bulra sangulifenta conque n'o Congreso foi acollida a natural e salvadora aspiración das rexións que pedían un réxime de xusticia e d'autonomía.

Non val a pena citar outros exemplos de repulsa e bárbara desconsideración feitos pola vella política co delibetrado propósito de matar en xerme os ideás de renovación e progreso.

Por iso fundaremos iste artigo brindand'os nosos estadistas as manifestacións sobor das forzas hidráulicas feitas polo Subsegretario do Ministerio de Traballo públicos da Francia en data do día 25 d'iste mes a un redactor de *Le Journal*.

F. VÁZQUEZ ENRÍQUEZ.

Compostela, mes de Santiago de 1919.

SIÑALAMENTOS

As cantigas populares e a música de gabinete

Agora que se ven falando moito e traballando algo na música galega, coidamos axeitado traer a istas columnas diversos xuízos do musicólogo astur Sr. Vela.

O Sr. Vela escribe sobre música asturiana; mais da galega pódese dicir o mesmo. A diferenza entr'a cantiga popular e os

resultados do traballo dos compositores é grande. A beleza das melodías populares acostuma a decaír nas suas maos, coma si ó soparalas da trama do paisaxe deixasen n'él meia vida. Hai quen caza no monte unha melodía e a leva para a casa, pasándoa do ouvido á boca e da boca ó ouvido por mor de que fuxa, e cand'a axeita n'unha composición atopámonos c'unha melodía valeira, coma si a entrana da melodía fose o que a arroteaba e non o que conducía no seu interiore.

Para estreverse a soparar do seu clima á cantiga popular hai que termar d'envolvela y-acocharla n'unha atmósfera d'intuicións profundas, sabido que non abonda tod'a técnica musical do mundo. As melodías populares teñen o corpo tan fráxil que moitas morreron a forza d'acordes.

Apenas temos pasado ainda da época primitiva do pot-pourri. Inda hai composicións que leván outros nomes e son verdadeiros potes podres d'onde sácáse unha melodía tras d'outra, envoltas n'unha salsa mal cocinada pol-o compositor. O que hai que facer é sacudilas e lavalas para que poidamos ouvir novamente suas sonoras belezas.

O pot-pourri que se non disfraza é a inxenuidá. As rapsodias son perigosas. Quen fai unha fai cento. «Co'a palabra rapsodia—escribiu Listz—quixen desinare o elemento fantásticamente épico que coído existe na música húngara... E mais iso quixo imitarse, ou quere imitarse por algús; e non convén; non convén que os nosos compositores novos suen sobre das teclas para donaren a un ar sinxelo e bucólico as sonoridás grandiosas de Listz. Lonxe iso d'unha Galicia proyeitada sobre Hungría.

Que non sirvan as nosas cantigas para que o compositor amostre que armuniza ou contrapuntea ben, pois asína coma na parte baixa d'algunhas páxinas, as notas e citas abóndantes son cal bodegas abastadas d'erudición, o pentágama inferior debe evitarse que seia a bodega dos acordes. A sacrificada foi sempre a melodía, o compositor se non sacrifica coase nunca. Sin embargo, dixo un musicólogo notabre, que a música ideal tería de ser aquela na que a melodía non precisase acompañamento.

Seguir a Grieg xa é mellor camiño. O seu xeito consistía en modular os temas unha terceira ou quinta máis alta, en repetir o mesmo dibuxo c'un pequeniño troque rítmico, en marcar a melodía c'unha armunía descendente ou c'unhas cantas quintas empalmadas. E ás veces, en animare e acelerare a cantiga e espelexare a melodía da melodía até deixala n'un puro ritmo. Ista é a influencia menos perxudicadora, pois eisis-

ten somellanzas moi sensibres entr'a música dos fiords e a música dos nosos vales, e así, lonxe do finchado poderemos chegare a evocacións íntimas, ós lieder sin palabras e hacia os paisaxes melódicos.

ORIENTACIÓ

Os camiños d'o agrarismo galego

Estamos n'un tempo en qu'é preciso recollerse un pouco pra escoller os máis axeitados camiños n'a vida social e política, tan cheas hoxe de loitas e revoltas.

A acción dos agrarios galegos—santificados d'a terra—co'a fondísima aspiración de libertar ós labregos, i-erguer a vida d'as nosas aldeas enchéndoas de cultura e de xusticia, ten n'estes mesmos días unha importancia d'a que cumpre nos decatemos abondo.

Olando o mundo encóllese o curazón de medo e de esperanza. Todo sangra, y-ainda nada frolece. Anúncianse boas novas e redencións a isto, mais por decontado a fame y-as loitas non fuxiron.

E n'a España unha esperanza ven, y-outra se vai y a fedenta política enche o país noso de lama e de movementos e combinacións d'os partidos que dan roxo. As ilusións desfeitas dos homes de boa fe cuasamente non topan onde pousarse pra acender a y-alma e quenar as suas ansias.

Mais non se pode acougar. Hoxe como nunca e un debere o loitar polo ideal, pra todos os que o sintan, e se comprendan irmans dos homes todos.

¿Qué camiño escoller? Ninguén pousa tan en firme como os agrarios que volven a vista a terra, que se acollen ó agrarismo d'a Natureza. E ningún agrarismo tan forte n'o seu orixe como o agrarismo galego.

O problema agrario en Galicia non ten que ver co de ningunha outra parte d'España e de fora d'España. A pequena propiedade e n'a nosa terra a mais, non hay labrego que non sexa propietario e con todo e-sisten un malestar, e-sisten graves problemas económicos e de xusticia social n'as nosas aldeas, problemas que son da vida enteira do mundo, que non se poden esquecer y-hal que resolver.

Lembradevos ben, con todo, agrarios galegos, que sodes fillos de Galicia, qu'a nosa vida d'o campo, os nosos cultivos, os eldos, montes y-augas nosas son d'a terra nosa e teñen un carauter seu que non se pode confundir, nin se deben estudar sinón como tales asuntos galegos caraterísticos y-enxebres.

Y-os nosos lugares, aldeas e vilas cheos de vividores políticos e de criados d'os grandes amos políticos que viven n'a capital d'a provincia ou en Madrid están pedindo unha limpeza, y-unha rega de ideaes e de acción política tamén enxebre, que non e sollo nosa.

Canto mais n'a realidade vexamos as custións canto mais preto de nos y-en nos mesmos estudemos os problemas, mais preto estamos d'a realidade d'o mundo inteiro e mais importancia e forza terán as nosas solucións.

Por eso tivo este Congreso agrario d'o vran, esta reunión agraria de Pontareas n'o primeiro ano despois da guerra un interés excepcional.

Agrarios galegos, xuntádevos todos n'o agrarismo d'a terra, n'o colo de Galicia, pra recoller n'ela todo o entusiasmo y-o espírito que fal falla.

ANTONIO LOSADA Y DIÉGUEZ.

rio, s'erga por riba de todas as ideoloxías con qu'as deferentes comunións políticas, asaltadoras do poder dende a dereita ou dende a esquerda, nos queren engayolar, pra nos ter ben xungulados à escravitude qu'aguanta a nosa terra.

E nós, galeguistas e labregos, axuntados en Asambleas libres pra definir d'unha maneira concreta e inapelable as nosas reivindicacións, decididos a gobernar a nosa casa, a mandar na nosa terra, hemos repudiar, hemos desautorizar, hemos negar a nosa representación, a todos aqueles políticos de partido ou sin él que, non aceitando as nosas conclusións, se neguen d'aquela a traballar pol-o rexurdimento de Galicia.

VICENTE RISCO.

O certame de Betanzos

O Conselleiro 1.º da "Irmandade da Fala", de Betanzos nos prega fagamos público que o certame d'obras teatraes galegas estará aberto delca o mes de San Martiño.

Puñérase de prazo delca o 1.º de Setembro, mais coíndoo curto agora s'alongou.

Disque son xa moitas obras recibidas.

A miña Terra

¡Oh! quen poidera, miña doce prenda xuntal-as espalladas armoñías que o tempo vello c'ó fulgor dos días celbóu no ensoño da dourada 'enda.

E quen poidera, da futura renda que fabrican as fadas ás porfías, mostral-as mallas en que tí verías o máxico esprendor d'a túa senda.

Quen poidera pintar no azul do céu o que fio fondo dos teus ollos léo; tel-o outo son dos procelosos mares, no Parnaso unh'a musa proteutora, e de xoullos aos teus pes, señora, cantar outro *cantare dos cantares*.

GONZALO LÓPEZ ABENTE.

De *Frores d'Outono*, no tear.

FOLLAS NOVAS

"De la vida,"

(Poesías de Renato Ulloa)

Chegou ás nosas maus un exemplar d'un libro de versos castelaos de qu' é autor o señor Renato Ulloa. Os versos do libro son numerosos. O volume está ben editado.

O Sr. Renato Ulloa versifica ben e amosra ser home, de por veces dono de fina sensibillidá. E poeta "pol-a vella". Querse dicir que nin o simbolismo, nin o impresionismo, nin o ouxetivismo parnasiano fixeron sulco no seu espírito. Ten a galantería e o lirismo provincialano de fai meo século.

A súa poesía é com'a música italiana, anterior a Puccini. Música de romanzas, arias e duos; música melódica, sin coorido nin furdura.

Con todo, gustará a moitos. E ninguén poderá tachal-a de ridícula. E poesía, xa *demonstrada*, mais meritória.

* * *

GRORÍ'A PEINADOR, himno con letra galega e música de Xan González Paramos (Xan de Tuy).

Con querendosa adicatoria temos recibido un exemplar do himno de que falamos. O mestre Paramos fixo unha composición sin-

xela, circunstancial, que compre mol ben o ouxeto para que foi creada. Obrigados ó seu agarlmoso saúdo, dámoslle a embora sincera pol-a súa obra.

CARTAS DA VILA

A "CIVILIZACION,"

Veñen os nazonalistas galegos pídindo dende fai tempo que se imponha o voto segredo na mesma forma que dispón a lei electoral da República Arxentina. Pois teñen a seguranza de que, c'ó voto segredo e obrigatorio, e mais si o sistema proporcional imprántase, coma eles e os socialistas e moitos republicans desexian, o caciquismo en Galicia non resistiría dúas eleccións en pé.

Denantes que un problema de cultura, o da cidadanía, é problema d'ambiente e d'organización. Conecemos obreiros analfabetos ou coasi analfabetos que son millores cidadaos que moitos catedráticos e señores de posición folgada no senso económico. A Cruña obreira, verbigracia, resulta mais cívica que o Santiago douto, ou que os señoritos das vilas e grandes urbes. E hai, endeben, labregos pertencentes a sociedades agrarias, mais civilizados—enxérgase o senso etimolóxico da verba—que os señores doutores urbanos e os cabaleiros de xuntanzas aristocráticas.

Pódese afirmar, emporiso, que ó redore da importancia da escola hai un verdadeiro fetichismo. Inda cheas d'escolas as nosas aldeas, inda sabendo leren, escribiren e contaren todol-os aldeáns, si a organización política se non troca e o ambiente espiritoal se non trasforma, os homes letrados seguirán ó marxe da cidadanía, coma siguen os bachilleres e licenciados das vilas. A escola, n'este xeito, poderá resultare útil ó longo sen dúbida; mais apañados estaremos se agardamos que dea froitos no orde civil, o de maior interés par'a vida social, como convén.

Tódol-os galegos, mais os espallados pol-as Américas sobre todo, han tel-o moi persente. Deben fixarse en que, conforme dixó Renán no seu libro "O Porvir da Cencia", un ferrocarril ou unha vía de comunicación calquera fai mais pol-o progreso d'un pobo que moitos libros e escolas. Proba crara, a nosa Galicia: A provincia de Lugo, a de menos comunicacións, é a mais morta e resñada, a que sofre mansa e tristeiramente todol-os cacicatos. A provincia de Pontevedra, a de maior número de comunicacións é a mais rebelde, a que vai camiño d'emanciparse denantes que ningunha. Loita a cotío, loita arreo contra do cacique máximo, o

virrei Riestra. E ficará redimida moi axiña pol-o esforzo de seu, rexo.

E útil e simpático o labor dos galegos das Américas fundando escolas en Galicia. Mais ¿iste labore se non facería de xeito mais trascendente froitifero i-exemprare, non deixando en paz os Gobiernos para obrigar-os a que construiran eles as escolas, coma é d'obriga e de xustiza? Se non conseguiría mais fomentando os emigrados unhas serias organizacións político sociaes co'a base do seu esforzo moral i-económico i-o dos seus deudos residentes na rexión, que tivera por ouxeto aguillar sin trégoas ó Estado para que construíse escolas, camiños veciñás, carreteras e ferrocarrís? A sementeira da cidadanía é o esencial. E as escolas soilo ó longo haberán d'iniciala. E si a elo agardamos, Galicia ficará ó marxe do progreso moral para sempre. Cando Galicia pol-o infruxo das escolas acerte a erguerse, quizais xa non o sufraxo universal senon o mesmo bolchevismo seian compretas antiguallas. Inda mais, canto que n'algunhas delegacións que para o fomento da instrucción teñen os bos galegos d'América, en Galicia, sen culpa d'eles, figuran señores moi amigos do ensino, pero mais amigos dos caciques e de que a cidadanía non triunfe práticamente. E hai tamén escolas d'esas, creadas de boa fe, que resultan perigosas e fataes, porque son focos de desgaleguización onde s'inculca nos nenos o deseio d'emigraren, en troque d'importlles o amore fecundo e santo a tod'o noso.

A. VILLAR PONTE.

Nos día de Cedeira

Señor Director de NOSA TERRA.

Amigo e señor meu: Falando en NOSA TERRA n-o número derradeiro, de D. Xarardo de Villabrilte, bon cidadán, d'os primeiros n-o amor a este feliceiro curruncho d'a nosa verde Erin, que se chama Cedeira, xa me decatou por mal informado, d'algún engaño.

Non foi o Sr. Villabrilte quen lle pdeu a Gullón a diputación provincial, foron os rexedores, representantes d'o pobo; os cregos, sementadores de ideais e moralidá e mais os comerciantes, falando pol-a industria, os que lle fixeron saber á representante en Madrid que a voluntá de este pobo era verse libres d'a gafenta tutela d'os caciques de Ortigueira; era ter n a provincia un representante, que mirase algo por nós, tan esquecidos, menos cando hay que apañar cartifios ou votos: inda non conseguimos un solo camiño veciñal, cando en Ortigueira xa non saben por donde levalos.

Gullón diko que sí, d'aquela; dende que d'entre nosoutros marchou, «que verémolo», e cando chegou a hora: «perdone amiguño que non se pode dar a todos».

¿Foi é? ¿Foron os caciques de Ortigueira os que se impuxeron? Eu, falo o que sinto, penso qu'ó segundo, que non é primeira vez que lle fan tal mérito á súa palabra. ¿Consecuencias? As de sempre; que Cedeira foi, xa pol-o menos dúas veces, Covadonga. ¿Acór-

Contesta Ribalta

Dixen eu no número 93 de A NOSA TERRA que a ortografía portuguesa non é científica nin sistemática e que, por ende, non bal a pena d'imitala.

Esta proposición miña leba implícita esta outra: fai falla crear unha ortografía galega. A isto tendía eu: a que se fagan estudos serios para creala, pra que sallamos dunha bez da rebolta morea de pedanterías que nos afoga.

E tende ben en conta: a mala ortografía e unha dificultá grande pra a difusión, cultivo e froilecemento das lngoas. E tamén pra a rexionalización do traballo e da cultura dunha rexión.

No número 94 da dita revista fánse algunhas ouserbacións. Paréceme que estou no caso de facerme cargo delas. Non por entifare, sinón por dar pe a que outros con maior sábia dezan nun mediano sistema de ortografía galega para o galego.

As ouserbacións que me teñen sido feitas son estas:

D. Leandro Carré.

Dí que non se li'ocurreu empregare a ortografía fonética que eu uso; que folla mas facil esqribir d'acordo co o que tiña lido nas libros empreitados na fala.

Respondo. Ese acordo non pode existir, porque nesos libros reina a máis grande anarquía ortográfica... Xustamente a miña reforma ten por obxecto poñer fin a esa anarquía.

Outro reparo. Que custoulle caro entenderse o meu *Libro de Konsagración*, e mais a miña *Escolma* por que o desusado da ortografía lle facía estrañeza.

Respondo. A estrañeza non é unha razón contra a bondade dun sistema. A estrañeza, saeu diso, desaparece de seu cando un bal na terceira páxina; qéise dicir: cando se un bal facendo de cargo do sistema.

Item. A ortografía da *Escolma* parécelle mal, por que algunhas palabras celbas pódanse tomar en en mais de unha aceución.

Respondo: Ese reparo pódén facer as edicións anteriores da nosa poetisa. Edicións que por certo, están sfeadas por unha ortografía inconfundible.

Outro sí: Dí don Leandro Carré, que coa miña reforma certas locucións afeutan seren palabras que non están en ningún dicionario. Pro están na realidade, e abonda ben. Ese desencantado galegista que deixou a miña *Escolma* de lado, por que non a entendía, foi súpeto de mais, por que non reparou en duas cousas. Primeira: que a *Escolma* non buscaba a súa aprobación. Segunda: que o non entendela non era defeuto do libro, sinón do leutor. Bolbo a repetir que a estrañeza non é unha razón, nin xigera cousa de dura no ome estudioso.

Fala o señor Carré da ortografía usada polos esqritores galegos dos sigros pasado e presente. Eu afirmo, e mais bolbo a afirmare, que eso non é unha ortografía. Por eso fai falla un sistema. A portuguesa reformada, nin está admitida por todo los esqritores portugueses, nin é sistemática, nin lóxica; razóns en contra para adoutala no galego. O galego precisa unha ortografía galega.

O sistema etimolóxico ten—e mais doutro—estes dous defeutos: 1.º As mais das etimoloxías son falsas. 2.º Estas supostas etimoloxías non teñen unidá nin sistematización científica.

Por fin dírel que non bal que o Sr. Carré recomende unha ortografía por fácil, por que eso e unha apreclación moi presoale súa. Pode

sere fácil pra él, e difícil pra os demais' Sobre que a facilidade ou dificultá non se pode tomar por criterio filolóxico.

Qérolle, con todo, dar a razón ao Sr. Carré no que dí do fracaso da reforma ortográfica en sentido fonético. Fracasou, n'afeuto en castelán (inda que propulsada pol-o gran Eduardo Benot); fracasou en francés (inda que mantida pol-o meritísimo León Clédat); e fracasou tamén con grande fracaso en toda las mais nacións que non cita, como tamén en Portugal. E natural que a miña reforma fracasase igualmente no galego. Xa be o Sr. Carré si lle son franco. Alíe moitas reformas que fracassan, non por non sere boas, sinón por adiantárense ao seu tempo.

Despídome do Sr. Carré, saudándoo con toda crianza, e recollo a única cousa que o señor Iglesias Roura dí pola súa conta: Que co a ortografía fonética ningún estranxeiro poderá traducire as cousas gallegas.

A isto respondo sencillamente que non é certo; e adios. Non é lícito facere afirmacións arbitrarias e dalas por razóns. Unha boa tradución non se pode facere sin fondo estudo dos dous idiomas. E xustamente no fondo estudo dos idiomas todos e sonde ten triunfado, en toda las nacións cultas, a ortografía fonética; fracasada como xa bal dito, no uso corrente d'aquelles, pero triunfante nos estudos gramaticais.

Ao Sr. D. Florencio Vaamonde, dírelle que non bal falar tan en bago. Pra comparare o galego antigo co o portugués antigo al que puntualizar a época dos documentos que se comparan. Para falar da ortografía galega clásica al que dírel cal e a clásica no concepto do Sr. Vaamonde; si a do sigro XIII; a do XVI ou a do XIX ou algunha das intermedias; por que esa fala "clásica", e mais alástica que si fora de goma, e non balen bagedás; e por último, a ortografía galega de oxe, dírel o señor Vaamonde cal seña, por que xustamente si tratamos de fundala ou de aplicarlle a portuguesa, e por que na temos, e sigulmos na anarquía. Eu conxuro a o Sr. Vaamonde a que proponha un sistema ortográfico pra o galego. Un sistema sin incongruencias. E antramentras fale con precisión, si fai o favor, pra que o pódamos entender.

Na derradeira ben unha ouserbación de don Fernando Osorio. Este señor supón que eu non conozo os suldos que o s ten en portugués. Dispénsame que non faga agora un elamen de cousas elementás. E permítame que insista. O s "singelo", (coma din os portugueses) e o ss dobre, soan lgoal en moitos casos. Dixeno, e mantéño por que é certo.

O s sinxal de *centesimo*, *unisono*, *resurgir*, *presuppor*, *presago* e un s intervocálico, e sin embargo soa lgoal que o s de *verso*, *sempre*, non intervocálico; e assolutamente lgoal que o ss dobre de *essencia*, *papel*, *passento*, *essesso*, *caisse*, *assucareiro*, etcetra.

As duas pronuncias do ss intervocálico (como ss dobre unhas beces e como z inicials outras) son, na derradeira, unha incongruencia mais da defectuosísima ortografía portuguesa, que se non debe de imitare en galego.

Todas estas cous s, punto por punto, deben seren estudadas seriamente. Non co a llexreza con que se oxe fala delas en Galiza. A ber si dese estudo qítamos un mediano sistema de ortografía galega, que oxe non temos. E mais fainos unha falla tola.

AURELIO RIBALTA

¡Eses flamenquistas...!

Léde iste soltíño cortado de *La Acción*, de Madrid, e que nos rimítiron amigos nosos residentes na vila podre:

"Mañana, viernes, festividad de Santiago, tendrá lugar en los salones del Centro Gallego una reunión familiar, a las nueve y media de la noche, en honor de los señores socios y familias.

Se vería con gusto asistieran las señoritas con el clásico mantón de Manila."

Soño galegos, d'esos galegos noxentos, desleigados, que s'avergonzan de sélo—pols tratan sempre de disimular o acento e os rasgos típicos naturaes—e viven na charca cortesana caciqueando ou lambéndolles os pes os caciques, son capaces d'inventare somellante antroldada. Soño galegos admiradores de Celita e de Bugallal poden facer iso. Nin catalás, nin vascos, nin valencianos, nin asturianos n'unha data enxebre facerían tal flamenquería imbécil.

Por certo que «Don Pío» n'un xornal cruñés falou de touros e das corridas que convén facer na Cruña. ¡E ese quer sere galego! Home, non amoque.

O orgullo de Galicia e non ter afección os touros. Un dos nosos timbres d'honore ha ser podere dechir un día: A nosa terra e a única da Hespaña onde non existen festivals taurinos. Xa hai unha notable urbe que s'enorgulece d'ilo: Vigo, Vigo que tanto progresa e merece loubas de todol-os galegos cultos.

"Don Pío", Galicia quer sere europea, e o será.

CONTOS DE CASTELAO

LEMBRANZAS

N'a miña vila tiñamos costumes tan cheos de "motivos emocionaes", que ben puidera o progreso perdoar o que tiñan de salvaxe pol-o que tiñan de pintoresco. Algunhas feneceron pol-o liberalismo d'os cregos novos. Iseos padres Salgueiros (oh Eça de Queiroz) que fuxen d'o sacho pra viviren d'o isopo. Oxe a miña vila, podre por dentro dame a sensazón d'unha trexa románica recuberta de cemento e retellada d'un roxo de veiaño novo, algo así coma escoitar un pasodoble flamenco a un gelleiro de sombreiro de palla.

Unha d'as cousas mais pintorescas eran os enterros. Os mortos non lñan en calzas descubertas; iso sería arreplante. lñan co-a cabeza pousada en almohadons que penduraban as beiras d'o nicho, e a tapadeira d'o nicho repousaba enriba d'os almohadons, amostrándose pol-a rendixa triangular, as mans cruzadas d'os difuntos.

Lémbrome ainda d'as mans cheas d'enrugas d'un vello marifeiro, mans de coiro de corno, tatuadas con angias, saindo pol-as mangas folgadas d'un hábito de nazareno ourelado de fita dourada... E a campana de "don", alternaba co-a de "den", contand'o tempo con ise pousado tanxer d'un reló conscente, namentras o pranto d'as mulleres lña relembrando a bondá d'o morto.

—Adios para sempre, Manoel! Adios, home de ben!

N'a novena de difuntos erguíase n'a trexa un tumbo que por certo fixérao meu abó, carpinteiro, n'os longos días d'un vrán dispols d'un estudio feito n'as longas noites d'inverno. O armatoste repousaba enriba de catro

danse en O tigueira d'a volta d'os Carballás? Aquí xa fai tempo que sabemos berrar: ¡Terra a nosa!

Seu agradecido amigo e correixionario.

XAN DE GUEDELLAS.

Peneirando...

A "Casa de Galicia", de Bos Ares acordou donar á Academia Gallega cen pesos que "Estudios Gallegos", lle levou caclullmente. Mol ben. Pero que non haxa académicos que axuden a "Estudios Gallegos", contra da Academia!

II II II

A Casa de Galicia de Montevideo mandou unha milleira de pesetas para repartir entre as familias das vítimas dos bárbaros sucesos de Sofán.

Mol ben, tamén. Pero outra vez seipan a quen teñen de mandarse para entrega.

Mandáronllos a Picorete, e Picorete figura na política caciquil culpable d'aquelles sucesos.

II II II

Don Manoel Comellas, do Ferrol fixo unha

comedia galega. "Pilar ou grandeza dos humildes", que s'estrenará axiña.

Escotámola a súa lectura e parecéunos ben. X'ime Quiliznilla ven facendo outra orixinalísima.

II II II

Nada mais ridículo que un orfeón polo xeito dos d'os século pasado.

Pois en Lugo inda vos hai un orfeón d'isa crás.

Que toma polo serio a "Primaveira", d'Imbert, o coro de "Bohemios", e unha "Festa helénica".

E coída que "da o golpe", cantando esas cousas.

Afortunadamente xa en Galicia só queda un orfeón d'ise xeito.

¡En Lugo, no pobo mortal Ahíñña de sere.

E de Lugo habían de vire a organizar unha festa galega con ¡¡Primaverall, ¡¡Bohemios!! e ¡¡Fiesta helénica!!

Canto fan rir estas cursilerías do mais demodée provincialismo.

Que teñen por cabezaleiro a Antonclío o parvo.

¡E pois os "Celífias"? ¡E es torreiros de Sarria?

¡Lugo flamencol ¡Caral, caral, caral!...

Lugo, Lugo d'once mandaron tamén un himno do glorioso Montes para profanal-o c'unha letra castelana de circunstancias, que díxo mol ben no Orzán Federico Rodríguez Chás.

Avisos da Redacción

—C. C. V.—A súa poesía "A mansa ovella", ten defeitos. Siga escribindo e el fai algo mellor publicárase. Moitos rapaces adicanse ó verso porque non acertan a facer prosa. Pois si na prosa non acertan, menos acertarán no verso.

—L. de C. T.—"Contempráclós",—Outra poesía que fuxe da prosa. É longa ademais.

—M. P. C.—mandou unha cousa en prosa e outra en verso. Publícase a prosa. ¡Estamos de versos hastra a "coronilla"! ¡Idelas, idelas, desenroladas en prosa, inda con torpeza, ben.

—A. C.—Inda sendo pasadeliros os seus versos, teñen que agardar longo tempo. Por que primeiro han publicarse os dos poetas a quenes pidimos colaboración.

MATERIAES DE CONSTRUCCION

Cemento Asland

Madeiras -- Carbón

CENTRO XENERAL DE SEGUROS

IGNACIO PEDREGAL


NA CRUÑA

Fábrica de Xergons

e catres metálicos

ORZAN 70

(Frente do Pórtico de San Andrés)



Grandes Talleres

DE LAVADO E PRANCHADO
E DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos (A Cruña: Cantón Pequeno, 12
centraes (Vigo: Praza da Constitución, 12

Sucursales (Estreita de San Andrés, n.º 12
na Cruña (Praza de Azcárraga, n.º 4
(Fernández Latorre, 76 e 84

Sucursal en (Vigo (Circo, n.º 5

Todas as nosas sucursales ostentan un letrero como sinal, que é reprodución da marca de garantía aquí estampada.
Póñense encargos de fora, y espíderse por meio das nosas sucursales.
Si no lugar onde vostede reside non-a hai, sírvase manifestarnos seus desexos de mandárenos os seus encargos.

Chargeurs Reunis

Compagnie française de Navigation a vapeur


SERVICIOS REGULARES

Para os portos do Brasil, Montevideo e Bos-Aires, por vapores con inmellorabre acomodo para pasaxeiros

Para informes diríxanse ós Axentes xeneraes en Hespaña

Antonio Conde, Hijos

Praza d'Ourense, 2



columnas, e debaixo poñían unha caixa acugulada de ósos humanos.

A derradeira noite de novena tan logo fixaba o *Requiescat in pace* d'o responso, empezaban a carpir as mulleres e catro marifeiros (os catro marifeiros de todol-os anos) colían a caixa, comenzando unha procesión que tiña remate detrás d'o adro onde guindaban os ósos enriba d'outros ósos, facendo un choqueleo coma de olas de buxo valeiras. A solenidade d'o auto, baixo a ollada d'un home sentimental e artista dábana os catro marifeiros: cada un sostíña o nicho pendurado arrentes d'o chan, namentras co a outra man sostíña unha facha, deixando que a cera pingase n'os ósos, que brillaban com'os lombos d'os vellos libros forrados de pelica de ovella. As caras d'as mulleres que íñan preto d'o nicho, alumeadas pol as fachas acesas, celbaban polo buraco da boca layos firentes que íñan até o veciño Auntamento, namentras c'os ollos arregalados fitaban con agarlmo as cacholas de nosos abós. E ó derredor o enxamio negro carpiá de firme.

—Adíos, meu paiçño.

—Adíos, meu irmán.

—Adíos, filliño d'as miñas entranas.

Todos choraban pol-os seus mortos.

E unha veciña miña, aparecida de nena, a carón d'un cruceiro, sen pai nin nai, casada e con fillos sans com'as buxos, tamén carpiá con chlos arreplantes; mais a miña veciña non tiña mortos e samente dicía:

—Adíos, Dios miol Adíos, Dios miol

A miña veciña choraba por Noso Señor.

CASTELAO.

XENTE NOSA

Euxenio Montes

Antros rapaces novos qu'están no recinto externo da Irmandá, moi perto, creio eu, de s'atopar no santuario e cecais nas avanzadas dos loitadores valentes, Euxenio Montes e un dos qu'ofercen un mais brillante porvire.

Acaba d'abrir a vida a sua i-alma chea de froitos e de froles, coma si no instante se l'houbiera levantado a tapa ó corno da abundancia, y-escomenzara a verter os tesouros sen cabo que contén.

Si Correa Calderón, ós dazaoito anos dirixiu en Madrid un boletín literario onde colaboraban as primeiras firmas, Euxenio Montes é d'abondo coñecido onde queira que n'aquela vila se fale de literatura, de filosofía ou de arte: no Ateneo, na Universidade, en Pombo, onde recibe oficialmente ás suas amizades o gran Ramón Gomez de la Serna; no Colonial, onde Cansinos-Assens, gran concededor da nosa literatura, eisaltador de Cabanillas e de Noriega Varela, pontifica no medio dos ultraistas.

Erudito ós dazaoito anos, Euxenio Montes colabora nas revistas serias de Madrid: Cervantes, Cosmópolis, na revista vasca Idearium, nas revistas atrevidas dos novos: Pesseo, Grecia de Sevilla. Ten adicado moi

lumiosos e fondos estudos a Pio Baroja e mais a Walt Withmam, e na sua creación persoal, móstrase na que poideramos chamar a eistrema esquerda da literatura; e un propugnadore dos derradeiros adiantos literarios. Hai que ter en conta qu'hoxe en día, os galegos somol-os mais avanzados n'estas cousas de toda a Península, mais qu'os portugueses, mais qu'os catalás, mais qu'os vascos.

Os poemas galegos qu'hoxe publicámos d'Euxenio Montes están feitos na escola creacionista fundada polo poeta chileno Vicente Huidobro e polos franceses Cendrars e Reverdy. N'eles se non deben buscar as imaxes habituais, coñecidas, á primeira ollada verificabres; hai que ter en conta—os que non estean ó día n'estas custións—qu'eiquí, as imaxes son creadas directamente polo poeta e non tomadas do falar corrente, senon empregadas eiquí por primeira e derradeira vez, e qu'o poeta non leva outra guía pr'as create, qu'a sua fantasía y-o seu capricho (o emersoniiano whim). Poremos un eixemplo.

E pra que se vexa ben a difrencia, tomaremos duas imaxes, a primeira fáctile de reproducir polo leutor:

"Dom'a neve no colo do outeiro."

Esto vese ben, esto pódese ocorrer, non a calquera, mais si a un poeta que sinta o paisaxe nevado, e calquera qu'o lea, enténdeo sen esforzo. Esta non é, en rigore, unha imaxe creada.

Pro esta outra:

"Baixan puntas d'estrelas."

esta é enteiramente creación do poeta qu'a fixo.

Pr'ó que non ten costume, costa traballo convencerse, mais logo, vese qu'a imaxe creada é real, y-ademais, e unha imaxe eterna, é unha imaxe que queda com'o Hércules de Lisipo, com'a Victoria de Samotracia. E iso o que se propon o novo arte literario.

V. R.

ESQUEMATIZACIOS FANTESISTAS

Noite

A Vicente Risco, en lembranza dos vésperos socráticos do ano que finou.

Trémen as estrelas de frío
Arrópanse co'as nubes
O reiseñor, canso de solfeiar sonetos, apagouse
Monxes orantes nas carballeiras
Un oboe comenza a obertura
As nubes son binchas d'enxabon qu'estoupan
Andan d'arrastro as somas paseniño
Deitase no antepalco a lua e ri histriónica
Mudas
Fontes mouras xurden do chao
As estrelas son mistos que s'apagan
Aquil barco qu'iba pra Stokolmo naufragou
Grilos de ruada
Crebaron trinta vasos ó brindare

Esqueceuse o tinteiro ó calígrafo que puña tildes
[no ceo
A lua mándalle razón a Xupiter, n'un telefonema

«NA CRUS DO NORTE ás duas da tarde do vinte de San Xuan do ano cen mil
Estarei bebendo un coctail no bar da revolta.»

Neve

* * *

A Anton Lousada,
amador de Galicia coma
ninguén.

Baixan puntas d'estrelas
Bican as corozas e deixan parches nos traxes
Dom'a neve no colo do outeiro
Telon d'un cine crebandose nos ollos
Store cubrindo o hourizonte
As cuartillas choven pelotas de tennis
Qu'ó chegar á terra non queren brincar
A neve chama nas portas c'os cotovelos
A terra é o despacho d'un poeta cuberto de cuartillas que choran

Brinca o sol
A luz da carabiolas
Rin os piñeiros ensinando os dentes
Os espellos están crebados no chao
O azogue roubou duas áas e fuxe a cabalo do lombo
[do arco da vella.

EUXENIO MONTES.

10-5-1919.

SOFÍA CASANOVA

Veu á Cruña esta distinguida señora. Escribiu crónicas da guerra no *A B C*. Logo con elas fixo un volume. Na sua mocidade imprentou un librillo de versos casteláns. Inda mais tarde ten publicado outro volume. Por sere muller d'un catedrático polaco, vivindo en Varsovia, soñru os horrores da guerra e da revolución n'aquel país Foi enfermeira vountaria facendo moitas obras de caridade.

Distintas sociedades cruñesas rindíronlle homenaxes com'a ningunha ilustre muller galega. Nós, saudamos agarlmosamente a boa dona.

AGRARIOS E GALEGUISTAS

A nosa intransixencia

Compre qu'a opinión galeguista y-agraría se decate de que non pode contar senon coas suas propias forzas, coa sua propia vontade, que ten que s'impoñer contra todos aqueles que non sexan antes de nada galeguistas y-agraríos. Porque somos nós os que podemos decir d'unha maneira terminante qu'ó que non está conosco, está contra nós.

Compre qu'a opinión galeguista y-agraría se decate de que nada pode agardar dos partidos tradicionaes da Restauración, por moitos ofrecimentos que lle fagan, porqu'eses partidos inda que s'avifieran a dar satisfacción d'ou poder ás aspiracións dos labregos de Galicia, non poderían vencer os impedimentos que lles puxeran os seus compromisos políticos y-as combinacións ás que se teñen que someter pra conservar o poder y-a disciplina.

Compre qu'a opinión galeguista y-agraría sepa qu'inda nas maus dos partidos da extrema esquerda, se non pode botar, segura d'hachar agarlmo prós seus ideais, si primeiro lles non eixe terminantes declaracións, firmes garantías de galeguismo e d'agrarismo. Y-aínda así, sempre cumprirá unha forte opinión galeguista y-agraría qu'os levara y-os abrigase.

Hemos ser nós solos, sen que nos poidamos fiar de ningunha; ha de ser a nosa aución, a nosa vontade, a nosa forza, a que s'ha d'impoñer a todol-os partidos, a total-as tendencias, se queremos qu'ó ideal galeguista y-agra-

LA PROVEEDORA GALLEGA

DE

XUAN VAZQUEZ PEREIRO

Æ millor fábrica de chocolates de Galicia, sita na Rúa estreita de San Andrés. — Æ CRUÑA

Irmans: si queredes estar sans e fortes tomade todol'os días unha cunca do rico chocolate que fabrica ista casa, e veredes como sin darvos conta estades ledos e traballades sin sentir o máis cativoiro cansancio, porque gozaredes de boa saúde.

¿Por qué é isto? Porque os chocolates que fai ista casa, fanse cós millores produtos i-a limpeza mais esquisita.

PROVADEOS E CONVENCERÉDESIVOS

GRAN HOTEL, RESTAURANT E CAFE

“La Perla,”

Director Propietario: RAMON BARRIO

Ruas de Juana de Vega, 23 é Fonseca, 3 (toda a manzán)

Hai automóvil e lancha-motora, propiedade do Hotel, ao servizo dos señores viaxeiros

É o Hotel mellor e mais moderno da Cruña

Faise cãrrego de todas cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

A Papeleira Galega

FABRICA DE BOLSAS DE PAPEL
DE TODAS CRAS
FOTOGABADO

BARREIRA, 7

A CRUÑA

Telet. 434

Os viños e coñás millores

son os qu'eiporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez Fronteira, fundada en 1737. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouh más selecto

de mundial e reconocida sona é o ZINZANO (Torino).

O Anís do Mono

é un einspréndido licore sin rival

Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosecheiros eiportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EISCUSIVO: (matriculado) de todas istas marcas

José C. Juncosa

Galera, 39 é 41-2.º piso.—A CRUÑA

Lloyd Real Holandés

Amsterdam

(KONINKLIJKE HOLLANDSCHE LLOYD)

Viaxes rápidos ó Brasil e a Arxentina pol-os acretados vapores-correios

GELRIA, ZEELANDIA, FRISIA E HOLLANDIA

Saídas fixas-regulars da Cruña e Vigo, admitindo pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, intermedia e 3.ª clás.


Pra informes respeito a datas de saídas e prezos de pasaxes dirixirse ó

Axente xeneral da Compañía en España

D. Raimundo Molina e Couceiro

CONSIGNATARIO

NA CRUÑA E VIGO.



FRÁBICA MECÁNICA

:-: DE CALZADO :-:

- DE -

ANXEL SENRA**RÚA XUAN FLÓREZ****Depósito: Cantón Grande, 15
A CRUÑA****HOTEL CONTINENTAL**

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

- DE -

**M. Losada Prado
A CRUÑA****LA SALUD****CASA DE BAÑOS***A millor da Cruña***Avenida de Rubine, 22 (Riazor)****A FARTANZA**

DE

CRISTINO P. REY**PROGRESO, 40—A CRUÑA**

Irmáns: os millores viños que bebedes na Cruña son os que vende esta casa. Quen os proba un vez xa non cata outros. Tamén vende os millores choizos e xamóns de Lugo e toda crás de licores.

Abonos Químicos Mineraes**Cementos, Sulfato de cobre, Azufres, Caldo bordelés ROUCH**

Regenerador ROSTAM pra os animaes debles, pra que as galliñas poñan mais hovos, etcétera.

Plázanse prezos e condizós a

Fernández, Fano y C.^a—A CRUÑA**VIÑOS FINOS****RIOXA - MEDOC**

Felipe Ugalde - Haro

Concesionario en Galicia:

WALDO LOSADA - A CRUÑA

a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión

Gran H. Universal**Rúa da Reina (da Raiña), 21—LUGO**

O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

Farmacia Europea

- DE -

López Abente**REAL, 55**

A millor surtida da Cruña e un dos estabrecimentos da sua crase que mais honran a Galicia. Montada con arrego ós derradeiros adiantos.

EFFECTOS NAVALES

DE

FERRER Y COMPAÑÍA—SUCESORES**F. BERTRAN e MIRAMBELL****VIGO e A CRUÑA****CASA FUNDADA EN 1868**

Artigos xeneraes pra equipo da Mariña Militar, vapores, barcos de vela e pescadores.

GRAN FONDA**Las Cuatro Naciones****San Andrés, 102.—A CRUÑA**

O novo dono d'ista fonda, no seu desexo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ó alcance de todos.


LA MODERNISTA**GRAN SALÓN DE BARBEIRIA**

- DE -

RAMOSE ACEA**San Andrés 94, 1.º—A CRUÑA**

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos higiénicos. Especialidade en lavabos de cabeza, locíos e fricíos de todas clases.

Nota: N'este estabrecimento atopará o público un servico permanente a cárrego dos seus propietarios, antigos dependentes das máis importantes peluquerías, desta capital.

**COMPAGNIE GENERALE TRASATLANTIQUE****VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE****Servicios direitos dende o porto da Cruña**

Na derradeira quincena de Agosto aprosimadamente e salvo continxencias, sairá para Habana e Veracruz o rápido paquete correo

VENEZIA**Prezos do pasaxe (incruído-os impostos)**

		Habana	Veracruz
Primeira crase	Ponte paseo:		
	Camarotes de luxo.	Ptas. 2.053'75	2.138'75
	Id. exteriores	> 1.668'75	1.753'75
	Ponte superior:		
Segunda crase	Camarotes exteriores	> 1.498'75	1.593'75
	Id. interiores	> 1.293'75	1.378'75
	Ponte inferior.	> 1.293'75	1.378'75
	Preferencia.	> 1.103'75	1.088'75
TERCEIRA CRASE.	> 808'60	798'60	
		328'60	343'60

DON NICANDRO FARINA

O día fixo de saída anunciaráse oportunamente.

O pasaxeiro que desexe embarcar ten de remitire seguidamente o nome e mail-o importe do pasaxe, sen emprender viaxe hastra que teña a conformidade do Consinatario de que se lle reservou a praza.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informos sóbor de datas de saída, prezos do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consinatario

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo